





REGULAMENTO DE USO DA MARCA

"COSTA DA MORTE TERRA ATLÁNTICA"

PREÁMBULO

A Asociación Costa da Morte GDR é unha asociación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, constituída ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e normas complementarias.

A asociación constituíuse entre outros obxectivos, para lograr a máxima cohesión entre as empresas e profesionais que desenvolven a súa actividade na Costa da Morte, poñendo ao alcance dos mesmos un instrumento válido para a representación, xestión, defensa e fomento dos seus intereses profesionais.

Especificamente a Asociación propónse como misión o fomento social e económico da Costa da Morte, a zona correspondente aos Concellos de Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas, orientando as súas actuacións de cara ao obxectivo de prestixiar aos produtos e servizos identificados ca marca ***Costa da Morte Terra Atlántica***.

O seu principal fin é ser núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do seu territorio de actuación.

O Título III dos estatutos da asociación recolle un listado dos seus fins, establecendo no seu artigo 5.2 as actividades que pode desenvolver para acadar aqueles fins, entre as que se atopan "sensibilizar o tecido socioeconómico da zona sobre os problemas, recursos, accións e proxectos que contribúan ó seu desenvolvemento", "promover directamente actuacións e proxectos que incidan no desenvolvemento do seu territorio de actuación".

A creación da marca ***Costa da Morte Terra Atlántica*** rexistrada na clase 35 de Niza na OEPM, é un proxecto que nace coa finalidade de dotar dunha identidade única e propia aos produtos e servizos con orixe na Costa da Morte nos termos establecidos pola asociación.

A asociación velará polo bo uso da marca, adoptando e fixando as medidas apropiadas para impedir que a marca sexa utilizada dunha maneira incompatible co presente regulamento de uso.



TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1º.- OBXECTO DO REGULAMENTO.

ARTIGO 2º.- TITULARIDADE E ADMINISTRACIÓN DA MARCA.

ARTIGO 3º.- DOMICILIO DO TITULAR.

ARTIGO 4º.- FINS DO SOLICITANTE

ARTIGO 5º.- RÉXIME XURÍDICO.

ARTIGO 6º.- DISTINTIVO.

ARTIGO 7º.- PRODUTOS E SERVIZOS AMPARABLES.

ARTIGO 8º.- PERSOAS LEXITIMADAS PARA USAR A MARCA

ARTIGO 9º. CANON.

TÍTULO II. PROCEDEMENTO DE AUTORIZACIÓN. DO CONTRATO DE LICENZA DE USO.

ARTIGO 10º.- COMISIÓN DE CONTROL E XESTIÓN.

ARTIGO 11º.- SOLICITUDE OFICIAL.

ARTIGO 12º.- PROCEDEMENTO.

ARTIGO 13º.-REQUIRIMENTOS.

ARTIGO 14º.- OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN MEDIANTE CONTRATO DE LICENZA DE USO.

ARTIGO 15º.- DURACIÓN DO CONTRATO DE LICENZA DE USO.



TÍTULO III. CONDICIÓN DE USO

ARTIGO 16º.-USO DA MARCA.

ARTIGO 17º.- PROHIBICIÓN DE REXISTRO.

ARTIGO 18º.- OBRIGAS DAS USUARIAS AUTORIZADAS.

ARTIGO 19º.- UTILIZACIÓN GRÁFICA DA MARCA.

ARTIGO 20º.- DEREITOS DAS USUARIAS AUTORIZADAS.

ARTIGO 21º.- CONTROL E SEGUIMENTO DO USO DA MARCA.

ARTIGO 22º.- CESIÓN OU LICENZA.

ARTIGO 23º.- EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO.

ARTIGO 24º.-PUBLICIDADE.

TÍTULO IV. RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 25º.- DAS FALTAS POR PARTE DAS USUARIAS AUTORIZADAS.

ARTIGO 26º.- DAS SANCIÓN S ÁS USUARIAS AUTORIZADAS.

TÍTULO V. DISPOSICIÓN S FINAIS

ARTIGO 27º.-DEFENSA DA MARCA.

ARTIGO 28º.-RESPONSABILIDADE POR DEFECTOS.

ARTIGO 29º. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO



TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1º.- OBXECTO DO REGULAMENTO.

O presente Regulamento ten por obxecto fixar as condicións de uso da MARCA **Costa da Morte Terra Atlántica** co fin de regularizar as súas condicións de uso, os requisitos que haberán de cumprir os operadores autorizados a utilizala, os produtos ou servizos para os que se conceda dita autorización e a forma na que se verificarán estes requisitos.

ARTIGO 2º.- TITULARIDADE E ADMINISTRACIÓN DA MARCA.

A MARCA **Costa da Morte Terra Atlántica**, con distintivo gráfico que figura no anexo I deste regulamento, é titularidade da Asociación COSTA DA MORTE GDR (en diante ACM GDR), a cal se inscribirá na Oficina Española de Patentes e MARCAS e na Oficina de Propiedade Intelectual da Unión Europea.

A ACM GDR posúe o dereito exclusivo de autorización do uso da MARCA, podendo autorizar o seu uso nos termos previstos no presente Regulamento.

A ACM GDR como titular da MARCA, garante aos operadores autorizados para a súa utilización, tanto a existencia da propia MARCA, como a súa inscrición e vixencia no Rexistro de Marcas da Oficina Española de Patentes e Marcas.

ARTIGO 3º.- DOMICILIO DO TITULAR.

Fíxase como enderezo do titular da MARCA o seguinte: Edificio de usos múltiples, R/ A Torre, s/n, 15129, Vimianzo, A Coruña.

ARTIGO 4º.- FINS DO SOLICITANTE.

A marca **Costa da Morte Terra Atlántica** ten como finalidade a de distinguir no mercado a determinados produtos e servizos que reúnan as condicións e cumpran os requisitos que



se especifican neste regulamento, garantindo aos consumidores a súa orixe xeográfica grazas á identificación dos devanditos produtos e servizos de forma precisa.

ARTIGO 5º.- RÉXIME XURÍDICO.

O uso da MARCA **Costa da Morte Terra Atlántica** rexeráse entre outras polo disposto no presente Regulamento, e polas disposicións da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas. No mesmo sentido, serán de aplicación as disposicións comunitarias, estatais e autonómicas que correspondan en razón da materia.

ARTIGO 6º.- DISTINTIVO.

1. O distintivo gráfico da MARCA **Costa da Morte Terra Atlántica** -, tal e como se reproduce no **ANEXO I** do presente Regulamento, materializarase mediante etiquetas, estampillas ou outro procedemento, e farase ostensible en forma ben diferenciada en cada unidade de produto ou servizo autorizado.
2. A reprodución da MARCA deberá axustarse con exactitude ás características gráficas coas que foi rexistrada e, en concreto, deberá adecuarse ao modelo e condicións técnicas e gráficas contempladas no correspondente regulamento de uso.

ARTIGO 7º.- PRODUCTOS E SERVIZOS AMPARABLES.

Poderán ser amparados por esta MARCA, aqueles produtos e servizos que estean producidos, elaborados e/ou transformados ou ofrecidos na Costa da Morte, de modo que aseguren o cumprimento duns requisitos comúns de orixe xeográfica.

Para a concesión da marca, valoraranse diferentes aspectos que reforcen a aposta polo desenvolvemento endógeno e sostible do territorio e o fomento da cohesión social.

Terase en conta a aposta pola produción, o consumo e a valorización de recursos e materias primas de ámbito local, a utilización e posta en valor do coñecemento tradicional na elaboración e transformación de produtos, na preservación e promoción dos recursos locais, tanto naturais como patrimoniais, e tamén, outros aspectos que potencien o coidado



do entorno e o respecto polo medio ambiente e a paisaxe e contorna rural. Tamén se valorará o fomento do emprego de base local, a orientación cara un emprego de calidade e integrador, así como, o respecto pola igualdade e a non discriminación das persoas.

Valorarase tamén, que as entidades participantes, pertencen a algunha das Indicacións Xeográficas Protexidas ou Denominacións de Orixe Protexidas, existentes no territorio ou que amparen diferentes produtos, ou outros selos ou distintivos que signifiquen unha aposta pola calidade diferencial dos produtos ou servizos.

ARTIGO 8º.- PERSOAS LEXITIMADAS PARA USAR A MARCA.

1 . Poderán solicitar autorización para a utilización da MARCA **Costa da Morte Terra Atlántica** calquera das persoas asociadas ao GDR, entrementes non se lles prohibira o seu uso en virtude do disposto no Título Terceiro do presente Regulamento de Uso.

Para ese efecto, considéranse asociadas as persoas xurídicas inscritas como tales non Libro Rexistro custodiado polo Secretario da Asociación.

2. As terceiras persoas físicas ou xurídicas, con actividade económica, que obteñan autorización da Comisión de Control para utilizar a MARCA e cumpran os requisitos esixidos no presente regulamento.

3. A utilización da MARCA **Costa da Morte Terra Atlántica** polas Asociadas supón unha manifestación do dereito que lles é recoñecido no artigo 9º dous Estatutos reitores da Asociación, en canto supón un goce dos servizos ou vantaxes ofrecidos pola mesma.

ARTIGO 9º. CANON.

As licenzatarias da MARCA **Costa da Morte Terra Atlántica** aboarán un canon anual en concepto de aluguer de licenza da MARCA, na cantidade que se estableza nas tarifas aprobadas pola Xunta Directiva.



TÍTULO II

PROCEDIMENTO DE AUTORIZACIÓN.

DO CONTRATO DE LICENZA DE USO.

ARTIGO 10º.- COMISIÓN DE CONTROL E XESTIÓN.

A Xunta Directiva da ACM GDR, ao amparo no disposto no artigo 16 dos seus Estatutos, e no exercicio das facultades que se lle atribúen, creará unha comisión de Control e Xestión da MARCA que estará integrada por os seguintes cargos da Xunta Directiva: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Tesourería.

Nesta Comisión poderá integrarse tamén a representación dalgunha das entidades asociadas á marca, de estímalo a Xunta Directiva da ACM GDR oportuno.

ARTIGO 11º.- SOLICITUDE OFICIAL.

1. As persoas físicas ou xurídicas que leven a cabo, actividades relacionadas con calquera das etapas da produción, elaboración e transformación de produtos ou prestación de servizos na Costa da Morte presentarán a correspondente solicitude oficial que se adxunta no **ANEXO II** e que poderán obter nas Oficinas da ACM GDR, achegando a documentación que sexa requirida.

2. As solicitudes de autorización deberán ir acompañadas como mínimo de:

- a. Acreditación da representación da empresa ou entidade solicitante e data de solicitude.
- b. Se a solicitante é unha entidade asociativa ou persoa xurídica, copia dos seus estatutos.
- c. Fotocopia do Cartón de identificación fiscal.



d. Información sobre o produto ou servizo e a MARCA comercial concreta e formato coa que comercializa o produto ou servizo amparado, achegando exemplar de etiqueta, ou outra documentación que se lle requira.

e. Certificación de estar ao corrente das obrigas sociais, fiscais e tributarias ante as administracións públicas.

f. Calquera outro documento, que se considere necesario para acreditar o cumprimento do especificado no presente regulamento de uso.

ARTIGO 12º.- PROCEDIMENTO.

1. A competencia para a tramitación e autorización da solicitude, recaerá sobre a Comisión de Control e Xestión, que poderá solicitar a información e documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos neste regulamento.

2. A resolución de autorización deberá ser pronunciada e notificada nun prazo de tres meses. Transcorrido este prazo sen que se notificara a resolución, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución desfavorable á adhesión á marca, debe ser motivada, por parte da Comisión de Control e Xestión.

Ainda que transcorrido o prazo de tres meses non se ditara resolución expresa, esta poderá ser ditada con posterioridade sen que o silencio desestimatorio resulte vinculante.

3. A autorización, concederase de forma singularizada para aquel ou aqueles produtos ou servizos para os que se solicitou o uso da MARCA e para as MARCAS comerciais e formatos coas que estes produtos ou servizos se identifican no mercado e sempre vinculada á persoa física ou xurídica solicitante.

4. O operador ao que se lle autorizou o uso da MARCA deberá aceptar, alén das condicións de uso detalladas no presente regulamento, as que se especifiquen na resolución de autorización.



ARTIGO 13º.- REQUIRIMENTOS.

No suposto de non cumprir os requisitos ou non achegar a solicitante a información requirida, a ACM GDR comunicará á solicitante este extremo, dándolle un prazo de 15 días para que presente as alegacións que considere oportunas, dispoñendo a ACM GDR de 30 días para resolver novamente a solicitude.

ARTIGO 14º.- OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN MEDIANTE CONTRATO DE LICENZA DE USO.

Trala verificación, e se non existen defectos na solicitude ou estes foron emendados, a ACM GDR outorgará a autorización para o uso da marca, mediante a sinatura do correspondente contrato de licenza de uso da marca que se achega como **ANEXO III** a este regulamento.

ARTIGO 15º.- DURACIÓN DO CONTRATO DE LICENZA DE USO.

A autorización ou licenza de uso da marca terá unha duración anual.

Transcorrido este prazo e en canto a marca permaneza en vigor o contrato poderá prorrogarse de forma tácita por períodos anuais se non é denunciado por escrito e cun preaviso de 2 mes por ningunha das partes.



TÍTULO III

CONDICIÓN DE USO

ARTIGO 16º.- USO DA MARCA.

Para os efectos do establecido no presente regulamento, enténdese que unha empresa ou entidade, pode utilizar a MARCA **Costa da Morte Terra Atlántica** cando, tras realizar as xestións que se describen nos puntos anteriores, se trate dunha entidade, empresa ou profesional que cumpra cos requisitos previamente indicados.

Ademais, deberán ser entidades ou empresas con sede social no ámbito xeográfico da Costa da Morte descrito anteriormente.

ARTIGO 17º.- PROHIBICIÓN DE REGISTRO E USO EFECTIVO DA MARCA.

1. A Comisión de Control e Xestión, como órgano competente para facer cumprir o Regulamento, prohibirá o uso da MARCA a toda asociada ou terceira que non acate o contido do disposto no capítulo anterior e particularmente no caso de que incorra nos seguintes supostos:

- a) Introducción de variacións substanciais na MARCA, en canto afecten á súa identidade. Non se considera variación a utilización da MARCA xunto coa MARCA individual da rexistrada.
- b) Utilización da MARCA en servizos non relacionados directamente coas actividades ás que se fai referencia no artigo quinto deste regulamento de uso.
- c) Aplicación da citada MARCA a servizos que non reúnan as características e procedencia descrita neste Regulamento.
- d) Cesión a terceiros do uso da MARCA, baixo calquera negocio xurídico.

2. As asociadas teñen a obriga de coidar da imaxe da MARCA, buscando garantir en todo caso o prestixio da Asociación solicitante, sen menoscabar en ningún caso a súa reputación. Para ese efecto, as asociadas asumen os criterios fixados pola asociación en canto aos



atributos aplicables aos produtos e servizos que van ser identificados pola MARCA, consonte ao establecido no presente Regulamento de Uso.

3. A Asociación defende e as asociadas asumen que a MARCA, en canto instrumento de identificación de produtos ou servizos e de diferenciación fronte a terceiros, debe impulsar o prestixio daqueles, así como o capital intelectual das asociadas e a propia Asociación que as agrupa.

As asociadas fan seu o propósito da Asociación ao concibir a MARCA como mecanismo de importante forza atractiva, en canto revelador da elevada reputación dos produtos ou servizos por ela identificados, entendendo que o capital intelectual forma parte do activo patrimonial intanxible de todas as solicitantes.

4. A utilización da MARCA non poderá desenvolverse en ningún caso contradicindo os postulados e fins da Asociación, segundo se deduce dos seus Estatutos reitores.

5. A MARCA non poderá ser utilizada de xeito que poida causar descrédito, prexudicar a súa reputación ou inducir a erro aos consumidores sobre as características da empresa, entidade, ou dos servizos e produtos que comercialice.

As usuarias da MARCA non poderán usar ou solicitar a inscrición, en ningún país, dun signo idéntico ou semellante ou que de calquera forma poida inducir a erro, confusión ou aproveitamento da fama e reputación da MARCA.

ARTIGO 18º.- OBRIGAS DAS USUARIAS AUTORIZADAS.

1. As persoas autorizadas terán as seguintes obrigas:

- a) Aboar á titular da marca o correspondente canon establecido para o seu uso, como por exemplo, aspectos como cambios substanciais na composición ou proceso de produción dos produtos amparados, cambios na prestación de servizos, etc.
- b) Comunicar á titular da marca aqueles ceses temporais ou definitivos na produción do produto ou a prestación de servizos.
- c) Comunicar á titular da marca, calquera variación na personalidade xurídica ou razón social da empresa ou entidade.



- d) Comunicar á titular da marca a existencia de procedementos administrativos sancionadores no que sexan parte e dos que poida derivar unha sanción para a entidade ou profesional relacionada ca calidade dos produtos ou servizos, co dereito de consumidores e usuarios, co medio ambiente, ou de calquera outra índole que poida prexudicar o prestixio da marca, empresa ou entidade licenzataria.
- e) Colocar nun lugar ou sitio visible das súas instalacións o distintivo de adhesión á marca.
- f) No caso de revogación da licenza de uso da marca, a licenzataria estará obrigada a retirar a marca dos seus produtos ou servizos.
- g) Permitir o acceso ás súas instalacións, á toma de mostras, ou á revisión de documentación e información, que poida ser necesaria ou de utilidade para efectuar os labores de control e supervisión da marca.

ARTIGO 19º.- UTILIZACIÓN GRÁFICA DA MARCA. MANUAL DA IDENTIDADE CORPORATIVA.

1. As licenzatarias teñen a obriga de utilizar a MARCA segundo a representación gráfica incorporada na solicitude dirixida á Oficina Española de Patentes e Marcas, sen que poida variarse elemento gráfico, fonético ou conceptual algún da mesma.
2. A ACM GDR entregará copia do Manual da Identidade Corporativa xunto a correspondente autorización de uso da MARCA mediante o contrato de licenza de uso da marca.

ARTIGO 20º.- DEREITOS DAS USUARIAS AUTORIZADAS.

As persoas que fosen autorizadas ao uso da MARCA consonte ao establecido no presente Regulamento, terán dereito a:

- a) Etiquetar os seus produtos co nome da MARCA nunha calidade idónea, tanto tipográfica como dixital, e que sexa aprobada pola Xunta Directiva de ACM GDR ou quen faga as súas veces.



- b) Facer uso da MARCA na forma establecida no presente Regulamento de Uso.
- c) Ser notificados oportunamente acerca das modificacións do presente Regulamento. Aínda así, a usuaria autorizada non estará obrigada a cumprir coas modificacións ao presente regulamento ata que sexa notificada da modificación.

ARTIGO 21º.-CONTROL E SEGUIMENTO DO USO DA MARCA.

Para realizar as labores efectivas de control e seguimento da marca, a Comisión de Control e Xestión da Marca, ou aqueles en que esta delegue, poderán supervisar por calquera medio, sistema ou procedemento, que as licenzatarias están cumprindo os requisitos establecidos neste regulamento, estando obrigadas as usuarias a permitilo de acordo co disposto no artigo 18.g) de este Regulamento.

ARTIGO 22º.- CESIÓN OU LICENZA.

A MARCA só poderá ser utilizada pola persoa autorizada pola ACM GDR, non poderá, a persoa autorizada, ceder ou sublicenciar, total ou parcialmente, os dereitos que se deriven de tal autorización.

ARTIGO 23º.- EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO.

O dereito de uso da marca extinguirase no caso de concurso de acredores, liquidación, fusión, absorción, cesión do fondo de comercio ou algún dos seus elementos da persoa autorizada.

Esta última non poderá dar como garantía o dereito de uso que lle corresponde sobre a marca, nin tampouco poderá ser este embargado ou ser obxecto doutras medidas de execución.



ARTIGO 24º.-PUBLICIDADE.

Corresponderá, unicamente ao titular da MARCA a realización das campañas de publicidade e promoción da MARCA, debendo os operadores autorizados para o seu uso absterse de realizar actos publicitarios ou promocionais da MARCA, sen consentimento expreso do mesmo.

No contrato de licenza de uso da marca poderase autorizar expresamente a realización de actos publicitarios ou promocionais da MARCA.



TÍTULO IV

RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 25º.- DAS FALTAS POR PARTE DAS USUARIAS AUTORIZADAS.

As usuarias autorizadas para usar A MARCA poderán incorrer nas seguintes faltas:

I. Faltas leves:

Serán consideradas faltas leves por parte dos usuarios autorizados as seguintes:

1. Uso da MARCA dunha forma diferente á solicitada ou a establecida pola ACM GDR.
2. Uso da MARCA en forma alterada, mutilada ou transformada.
3. Non garantir que a elaboración, fabricación e produción dos produtos e servizos cumpra co disposto neste Regulamento e os demais documentos anexos.
4. Entregar información falsa ou distorsionada sobre o produto ou servizo, co propósito de enganar dolosamente tanto a ACM GDR como aos consumidores.

II. Faltas graves.

Serán consideradas faltas graves por parte das usuarias autorizadas as seguintes:

1. A acumulación de tres (3) faltas leves.
2. A falsificación da MARCA de calquera forma.
3. Permitir o uso indebido da MARCA a persoas naturais e/ou xurídicas non autorizadas, co propósito de enganar tanto á Asociación como aos consumidores.

ARTIGO 26º.- DAS SANCIÓN S ÁS USUARIAS AUTORIZADAS.

As usuarias autorizadas para usar A MARCA terán as seguintes sancións:



1. A sanción correspondente ás faltas leves ocasionará a cancelación do contrato de licenza polo termo de tres (3) meses por parte da Xunta Directiva, que o notificará por escrito.
2. As faltas graves serán sancionadas coa suspensión do contrato de licenza de uso da MARCA polo termo dun (1) ano, e en forma definitiva cando se dean casos de reincidencia.



TÍTULO V

DISPOSICIÓN FINAIS

ARTIGO 27º.-DEFENSA DA MARCA.

No caso da infracción da MARCA corresponderá unicamente á súa titular a lexitimación para exercitar as accións que correspondan para a defensa da MARCA, quedando expresamente prohibido aos usuarios e usuarias exercitar calquera tipo de acción en tal sentido.

Se desde as empresas ou entidades autorizadas se tivese coñecemento dunha infracción ou utilización ilícita da MARCA, deberá poñelo en coñecemento inmediato do titular, comunicándolle os datos precisos para que poida exercitar as accións pertinentes.

ARTIGO 28º.-RESPONSABILIDADE POR DEFECTOS.

As empresas autorizadas para utilizar a MARCA serán as únicas responsables dos defectos dos seus produtos ou da presentación irregular dos seus servizos, de tal forma que non poderán, en ningún caso responsabilizar ao titular da MARCA por este feito.

En todo caso, a autorizada a usar a MARCA deberá asumir por conta propia as indemnizacións e prexuízos ocasionados a terceiros que deriven das súas accións ou omisións.

ARTIGO 29º. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO.

A ACM GDR como titular da MARCA, será a única entidade autorizada para realizar modificacións do Regulamento que estimen necesario.

As modificacións do presente Regulamento de uso serán notificadas ás asociadas e así mesmo, ás persoas autorizadas para que as acepten e cumpran para os efectos de poder continuar utilizando a MARCA.



ANEXO I





ANEXO II

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN

_____ con DNI _____ actuando en nome e representación de _____ domiciliada en _____ con teléfono _____, Correo electrónico _____, Páxina web _____, **EXPÓN:**

Descrición da actividade da entidade ou profesional e os seus produtos/servizos.

Entidade ou profesional asociada a ACM GDR.

SOLICITA:

Autorización para o uso da marca **Costa da Morte Terra Atlántica** mediante a sinatura dun contrato de licenza de uso para o cal axunta a seguinte documentación:

- Acreditación da/o representante da empresa ou entidade solicitante e data de solicitude.
- Se a solicitante é unha entidade asociativa, copia dos seus estatutos.
- Fotocopia do Cartón de identificación fiscal.
- Información sobre o produto ou servizo e a MARCA comercial concreta e formato coa que comercializa o produto ou servizo amparado, achegando exemplar de etiqueta.
- Certificación de estar ao corrente das obrigas sociais, fiscais e tributarias ante as administracións públicas.
- Outros



ANEXO III

CONTRATO DE LICENZA DE USO DA MARCA

En _____ a ___ de ___ de 200_

REUNIDOS

Dunha parte, en nome e representación da Asociación Costa da Morte GDR domiciliada no Edificio Servizos Múltiples, Rúa A Torre s/n, 15129, Vimianzo, que, en diante será denominada a LICENCIANTE.

Doutra, con DNI actuando en nome e representación de domiciliada en que en diante será denominada a LICENZATARIA.

ANTECEDENTES

- ã A LICENCIANTE é titular da marca **Costa da Morte Terra Atlántica**, que está rexistrada na Oficina Española de patentes e Marcas co número 3.733.523 e na Oficina de Propiedade intelectual da Unión Europea co número 017942872, para distinguir os produtos e servizos pertencentes á clase 35 da clasificación internacional de marcas, tal como recolle o certificado de inscrición do rexistro de marca que queda incorporado como Anexo I.
- ãã A LICENZATARIA está interesada na súa utilización.



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.-

O presente contrato de licenza ten por obxecto o uso da marca **Costa da Morte Terra Atlántica** tal como quedou descrita no antecedente I.

Outórgase a licenza para distinguir os seguintes produtos e servizos da licenzataria, seguindo as indicacións e respectando as obrigacións establecidas no Regulamento de uso da marca:

SEGUNDA. DECLARACIÓN RESPONSABLE DA LICENZATARIA.

A licenzataria declara que non é parte en ningún procedemento administrativo sancionador do que poida derivar unha sanción relacionada ca calidade dos produtos ou servizos, co dereito de consumidores e usuarios, co medio ambiente, ou de calquera outra índole que poida prexudicar o prestixio da marca, empresa ou entidade licenzataria.

TERCEIRA. ALCANCE DA LICENZA CONCEDIDA.-

Queda a licenzataria autorizada para a utilización da marca na publicidade dos seus produtos ou servizos.

A licenza outórgase con carácter exclusivo, obrigándose a non conceder a terceiros outros dereitos de licenza no territorio e ámbito pactado, durante a vixencia do contrato.



CUARTA. CONTRAPRESTACIÓN.

1. A LICENCIANTE recibirá como contraprestación un pagamento en metálico por parte da licenzataria que consistirá en:

a) Un pagamento inicial de..... que se realiza á sinatura do presente contrato.

Este pagamento non é reembolsable. Nin sequera se a licenza se extingue antes do prazo pactado, sempre que non sexa debido a incumprimento ou mala fe da LICENCIANTE.

b) Un pagamento (mensual/ trimestral/ semestral/ anual), computable desde a sinatura do presente contrato, consistente en

QUINTA. INSCRICIÓN DA LICENZA.-

Ambas as partes están lexitimadas para solicitar a inscrición no Rexistro de marcas tal como establece o art. 46.2 da Lei de Marcas. Os gastos da devandita inscrición corresponderán á licenzataria, obrigándose a LICENCIANTE a colaborar para que dita inscrición sexa efectiva.

SEXTA. INTRANSMISIBILIDADE DA LICENZA.-

O presente contrato páctase como intransmisible. Requirirase autorización previa por escrito para ceder a licenza, outorgar sublicenzas, ou mesmo achegar a licenza a unha sociedade.



SÉPTIMA. DURACIÓN DA LICENZA CONCEDIDA.-

A licenza concédese por un período dun ano, contado desde a sinatura do presente contrato polas partes.

Transcorrido este prazo e en canto a marca permaneza en vigor o contrato poderá prorrogarse de forma tácita por períodos anuais se non é denunciado por escrito e cun preaviso de 2 mes por ningunha das partes.

E en proba de conformidade asinan o presente contrato, por duplicado no lugar e data expresados no encabezamento.

LICENCIANTE

LICENZATARIA